

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA**

EXTRACTO da Resolución do 15 de maio de 2025, conxunta da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, pola que se convoca a fase autonómica do concurso sobre consumo responsable e calidade de vida: Consumópolis 20: Sabes o que consumes? Únete a un consumo máis consciente e solidario (código de procedemento IN114A).

BDNS (Identif.): 832923.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/832923>

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán participar nesta fase autonómica todos aqueles equipos constituídos por cinco alumnos ou alumnas que cursen estudos de 5º ou 6º de educación primaria ou de 1º, 2º, 3º ou 4º de educación secundaria obrigatoria ou formación profesional básica en calquera centro público, concertado ou privado da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No caso dos colexios rurais agrupados (CRA) e as escolas unitarias que, polas súas especiais circunstancias xeográficas ou demográficas, teñan dificultades para conformar os equipos unicamente con alumnado de 5º e 6º cursos de educación primaria poderán completar os ditos equipos con alumnado doutros cursos de educación primaria.

Segundo. *Obxecto*

Convocar e regular a fase autonómica do concurso do curso escolar 2024/25 Consumópolis 20 sobre consumo responsable e calidade de vida, que leva por título: *Sabes o que consumes? Únete a un consumo máis consciente e solidario* (código de procedemento IN114A).



Terceiro. Bases reguladoras

Resolución do 15 de maio de 2025, conxunta da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, pola que se convoca a fase autonómica do concurso sobre consumo responsable e calidade de vida: Consumópolis 20: *Sabes o que consumes? Únete a un consumo máis consciente e solidario* (código de procedemento IN114A).

Cuarto. Importe

Concederanse tres premios de 1.000, 600 e 300 euros para os traballos clasificados respectivamente en primeiro, segundo e terceiro lugar por cada unha das categorías de participación.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación das solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 23 de maio de 2025.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Román Rodríguez González
Conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

Gabriel Alén Castro
Director do Instituto Galego do Consumo e
da Competencia

